

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 1 DE MARZO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/AS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a un de marzo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as oito horas

corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de febreiro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA

— Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 8 de febreiro de 2023 (RE núm. 181), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

ENTIDADE	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
----------	--

CIF	██████████
DOMICILIO	SANTIAGO DE COMPOSTELA
REPRESENTANTE	MARÍA ELENA BARCA RAMOS
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CAMBIO DE CARPINTERÍAS NO CPI PLURILINGUE
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – EQUIPAMENTO EDUCATIVO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	6625004NH8262N0001QK
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica valorada redactada polo arquitecto técnico Don Pablo Dafonte Diéguez, en data xullo de 2022)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	356.387,81 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 24/02/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SETE MIL CENTO VINTE E SETE EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (7.127,75 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 30 de novembro de 2022 (RE núm. 1912), coas seguintes características:

DATOS DA ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	ILDAURA RODRÍGUEZ SENRA
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE ADELÁN, PARROQUIA DE GUILLAR

DATOS DA NOVA TITULAR

NOME E APELIDOS	MARÍA BELLA SALGADO RODRÍGUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE ADELÁN, PARROQUIA DE GUILLAR

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	CAFÉ-BAR
DENOMINACIÓN COMERCIAL	MESÓN A RODA
LUGAR	ADELÁN
PARROQUIA	GUILLAR
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	36047A025003250001AO
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO DE DATA 14/04/92)
LICENZA DE APERTURA	SI (ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO DE DATA 25/06/92)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigaón legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

4.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2023

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do 01/02/23) e a conveniencia de solicitar dita axuda para a contratación dun posto de traballo (1 enxeñeiro/a forestal), a tempo completo por un período de nove meses, para a realización de diversos programas de interese social e municipal.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha axuda económica, por importe total de DEZASETE MIL SETECENTOS TRECE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (17.713,80 €), para a contratación dun/ha traballador/a para o desenvolvemento do servizo denominado “*Xestión sostible do patrimonio forestal*”.

Segundo.- Aprobar a memoria do servizo que van realizar o/a traballador/a, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Para as retribucións do/a traballadore/a a contratar ao abeiro da presente Orde será de aplicación o I Convenio estatal para o sector de actividades forestais (BOE núm. 165, do 11/07/19).

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN DE XORNADA EN CONTRATO LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 01/06/22, autorizouse a contratación de Dona SUSANA JUIZ PEREIRA, con DNI núm. [REDACTED], como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de substitución a tempo parcial (27,50 horas/semana), motivado pola situación de baixa por IT da traballadora Dona Rosa María Beleda Presas.

As necesidades do servizo e a atención dos/as usuarios/as aconsellan modificar a xornada laboral inicialmente prevista por outra a tempo completo.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade coa proposta emitida pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar a modificación de xornada establecida no contrato laboral temporal por substitución, asinado entre o Concello e a traballadora referida en data 02/06/22 (rexistro núm. [REDACTED]), ampliándoa ata as 37,5 horas semanais, con data de efectos do día 1 de marzo do corrente.

6.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE TURÍSTICA PARA VECIÑOS/AS PENSIONISTAS

Infórmase aos membros asistentes que o Concello ten previsto realizar o vindeiro día 17 de marzo unha xornada turística para os/as veciños/as pensionistas empadroados/as no Concello, consistente nunha excursión con destino ao veciño país de Portugal, visitando as cidades de Guimaraes e Braga. Preténdese con dita iniciativa facilitar a un sector de tanto peso demográfico no noso Concello o goce dunha xornada de lecer e convivencia, visitando diversos destinos turísticos en terras lusitanas. O Concello contratará o desenvolvemento da actividade cunha empresa privada especializada.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar unha actividade turística para veciños/as pensionistas o día 17 de marzo do corrente consistente nunha excursión a Portugal, coa seguintes características principais:

- ✓ Poderán inscribirse os/as veciños/as empadroados/as no Concello que ostenten a condición de pensionistas ou perceptores de prestacións sociais públicas.
- ✓ Cada inscrito/a poderá ir acompañado como máximo doutra persoa empadroadada, aínda que non ostente a condición de pensionista.
- ✓ A actividade inclúe desprazamento ida e volta en autocar, seguro de viaxe, visitas turísticas e xantar en restaurante.
- ✓ O número de inscritos/as na actividade quedará limitado á capacidade máxima do medio de transporte (un autobús).
- ✓ Establécese un copagamento por importe de quince euros (15,00€) por inscrito/a, a abonar no momento da inscrición.
- ✓ A inscrición poderá realizarse no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares" de Rodeiro, con data límite do día 15 de marzo.

Segundo.- Imputar o custe da actividade á partida presupostaria 231/226 do vixente orzamento municipal, aprobando o correspondente gasto cun límite máximo de TRES MIL EUROS (3.000,00 €).

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MANUEL NÚÑEZ FIUZA 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario "El Periódico de Lalín e comarca", s/factura núm. 0324-23.
- MAPFRE SEGUROS GENERALES S.A. 164,56 €
Por seguro anual do remolque da AVPC, s/recibo.
- BARAFUNDA S.L. 659,45 €
Por representación do espectáculo "A musa dos pobos", co gallo do Día de Rosalía, s/factura núm. 448 (FACe).
- AMBIGAL-360 S.L. 435,82 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. A-230081 (FACe).

- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 980,10 €

Por traballos de roza de camiños municipais en Paredes e A Torre, s/factura núm. S-116.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas quince minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)